

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de Tecnoloxía



**IES A Pobra do Caramiñal**

**Curso 2020/2021**

## Índice

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>5</b>
<b>2</b>	<b>PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL</b>	<b>8</b>
2.1	METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.	9
2.2	MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.	10
2.3	MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.	10
<b>3</b>	<b>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>11</b>
3.1	CONTRIBUCIÓN DA TECNOLOXÍA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	11
3.2	CONTRIBUCIÓN DAS TICS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	12
<b>4</b>	<b>CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR</b>	<b>13</b>
<b>5</b>	<b>LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACION DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO. MEDIDAS METODOLOXICAS E ORGANIZATIVAS</b>	<b>18</b>
<b>6</b>	<b>RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.</b>	<b>20</b>
<b>7</b>	<b>CONCRECIÓN DO CURRÍCULO NOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE PARA CADA MATERIA E CURSO, O GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, TEMPORIZACIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>21</b>
7.1	TECNOLOXÍA 2º DA ESO	21
7.2	TECNOLOXÍA 3º DA ESO	28
7.3	TECNOLOXÍA 4º DA ESO	34
7.4	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL 1º DE BACHARELATO	41
7.5	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL 2º DE BACHARELATO	49
7.6	TIC 4º DE ESO	56
7.7	TIC 1º DE BACHARELATO	63
7.8	TIC 2º DE BACHARELATO	74
7.9	ELECTROTECNIA 2º DE BACHARELATO	79
<b>8</b>	<b>CONCRECIÓN METODOLÓXICA QUE REQUIRE A MATERIA</b>	<b>86</b>
8.1	ASPECTOS XERAIS	86
8.2	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS	86
8.3	SECUENCIA DE TRABALLO HABITUAL NA AULA	87
8.3.1	MOTIVACIÓN	87

8.3.2	INFORMACIÓN DO PROFESOR/A.....	87
8.3.3	TRABALLO PERSOAL.....	87
8.3.4	AVALIACIÓN.....	87
<b>8.4</b>	<b>OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS</b> .....	<b>88</b>
8.4.1	AGRUPAMENTOS.....	88
8.4.2	TEMPOS.....	88
8.4.3	ESPAZOS.....	88
8.4.4	USO DE DISPOSITIVOS MÓBILES NA AULA.....	88
<b>8.5</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN DOS CÓNTIDOS EN UNIDADES DIDACTICAS</b> .....	<b>89</b>
8.5.1	2º DE ESO TECNOLOXÍA (3 horas semanais).....	90
8.5.2	3º DE ESO TECNOLOXÍA (2 horas semanais).....	91
8.5.3	4º DE ESO TECNOLOXÍA (3 horas semanais).....	92
8.5.4	4º DE ESO TIC (3 horas semanais).....	93
8.5.5	1º BACHARELATO TECNOLOXÍA INDUSTRIAL (3 horas semanais).....	94
8.5.6	1º BACHARELATO TIC (2 horas semanais).....	95
8.5.7	2º BACHARELATO ELECTROTÉCNIA (2 horas semanais).....	96
8.5.8	2º BACHARELATO TECNOLOXÍA INDUSTRIAL (3 horas semanais).....	97
8.5.9	2º BACHARELATO TIC (3 horas semanais).....	98
<b>9</b>	<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b> .....	<b>99</b>
9.1	AULAS DE 2º 3º DE ESO.....	99
9.2	AULA-TALLER 1.....	99
9.3	AULA-TALLER 2.....	99
9.4	AULA DE INFORMÁTICA 1.....	100
9.5	AULA DE INFORMÁTICA 2.....	100
<b>10</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</b> .....	<b>100</b>
<b>10.1</b>	<b>A PROBABIDADE ACADÉMICA</b> .....	<b>101</b>
10.1.1	PAUTAS DE ACTUACIÓN NOS SUPOSTOS DE PLAXIO, COPIA OU FRAUDE.....	101
<b>10.2</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b> .....	<b>102</b>
10.2.1	OBSERVACIÓN DIRECTA:.....	102
10.2.2	PROBAS DE CONTROL OBXECTIVAS.....	102
10.2.3	PROBAS PRÁCTICAS:.....	103
<b>10.3</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b> .....	<b>103</b>
10.3.1	TECNOLOXÍA DE 2º DE ESO.....	104
10.3.2	TECNOLOXÍA DE 3º DE ESO.....	105
10.3.3	TECNOLOXÍA DE 4º DE ESO.....	106
10.3.4	TIC DE 4º DE ESO.....	107

10.3.5	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL DE 1º DE BACHARELATO.....	108
10.3.6	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL DE 2º DE BACHARELATO.....	109
10.3.7	TIC DE 1º DE BACHARELATO.....	110
10.3.8	TIC DE 2º DE BACHARELATO.....	111
10.3.9	ELECTROTECNIA 2º DE BACHARELATO.....	112
<b>11</b>	<b>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES</b> _____	<b>113</b>
<b>12</b>	<b>ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH.)</b> ____	<b>113</b>
12.1	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II _____	113
12.2	TIC II _____	114
<b>13</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE</b> __	<b>114</b>
<b>14</b>	<b>DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS</b> _____	<b>115</b>
<b>15</b>	<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL</b> _____	<b>116</b>
15.1	MEDIDAS ORDINARIAS QUE SE PODEN LEVAR A CABO _____	117
15.1.1	MEDIDAS ORGANIZATIVAS .....	117
15.1.2	MEDIDAS CURRICULARES .....	117
15.2	MEDIDAS EXTRAORDINARIAS QUE SE PODEN LEVAR A CABO _____	117
15.2.1	MEDIDAS ORGANIZATIVAS .....	117
15.2.2	MEDIDAS CURRICULARES .....	118
<b>16</b>	<b>CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO</b> _____	<b>118</b>
<b>17</b>	<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO</b> _____	<b>119</b>
<b>18</b>	<b>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.</b> _____	<b>120</b>
<b>19</b>	<b>CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO, AOS PAIS...</b> _____	<b>122</b>

## 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación didáctica realízase para a área de Tecnoloxía do IES Pobra do Caramiñal que no curso 2020/2021 dispón de 4 profesores que impartirán as materias que se recollen na **Táboa 1**.

PROFESOR/A	MATERIA	CURSO E GRUPO
<i>Consuelo Vicente Noya (Xefa de departamento)</i>	<b>TEC. IND. 1º BAC</b>	1º BACH B
	<b>TIC 1º BAC</b>	GRUPO II (A+B)
	<b>TEC. IND 2º BAC</b>	2º BACH (A+B)
	<b>ELECTROTECNIA</b>	2º BACH (A+B)
	<b>TIC 2º BAC</b>	2º BACH (A+B+C)
<i>Júan José Álvarez Álvarez</i>	<b>TECNOLOXÍA</b>	2º ESO A
		2º ESO B
		2º ESO C
		2º ESO D
	<b>TECNOLOXÍA</b>	3º ESO A
		3º ESO B
		3º ESO C+PMAR
<i>Ana I. Oliveira Davila</i>	<b>TECNOLOXÍA</b>	4º ESO (A+B+C)
	<b>TIC 4º ESO I</b>	GRUPO I (A+B+C)
	<b>TIC 1º BAC</b>	GRUPO I (A+B)
<i>Margarita Saborido Ojea (Directora do Centro)</i>	<b>TIC 4º ESO II</b>	GRUPO II (A+B+C)

**Táboa 1. Reparto de materias, cursos e grupos no Departamento de Tecnoloxía.**

Esta programación redactase tendo en conta as instrucción do “PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSIÓN 16-09-2020”

Como consecuencia do cumprimento de ditas instrucións o departamento de Tecnoloxía vai a adaptar as aulas de que dispón (dous talleres e dúas aulas de informática) cas seguintes características.

Taller I (aula **A46**), aproximadamente 100 m<sup>2</sup> que se utilizará como espazo de traballo cos grupos de maior número de alumnos (tecnoloxía da ESO), no 2º aulario. Neste curso, sacáronse as mesas e cadeiras de aula, e aumentamos en cinco os bancos de traballo. Desta forma temos 13 bancos de traballo cada un deles dividido en dous postos de traballo por unha mampara, o que ofrece a posibilidade de que nel traballe como máximo 26 alumnos, que é o máximo de alumnos que temos en 3º C+PMAR. Cada posto, conta cunha caixa propia con ferramentas e material necesario tanto de traballo como de seguridade e de limpeza, para a realización dos proxectos. Os alumnos desinfectarán cando entran na aula e cada ferramenta que use.

Taller II (aula **A42**), cunha superficie de 62,25 m<sup>2</sup>, no que se traballará cos grupos de menor número de alumnos (TEC. IND., e Electrotécnica), no 2º aulario. Neste taller temos 10 mesas con cadeira separadas 1,5m sen necesidade de mamparas, onde se imparten as clases teóricas, dos grupos de bacharelato.

Aula de informática I (aula **A17**) no aulario 1, e que conta con 25 postos con PC incluído o do profesor (separados por mámparas), con sistema operativo Debian e un proxector.

Aula de informática II (aula **A58**), que se encontra no aulario 2 e que conta con 16 postos con PC incluído o do profesor (separados por mamparas), con sistema operativo Windows e un proxector.

Ao comezo de curso o Departamento elaborará un horario para ambos talleres, tratando, se é posible, que polo menos todos os grupos que contan con máis alumnos dispoñan dunha sesión de clase semanal no taller grande, que ademais de contar con máis espazo tamén dispón de máis recursos materiais. E outro horario para as aulas de informática onde se imparten as TIC, e se reservaran, unha ou dúas horas semanais para tecnoloxía de 3º de ESO, e unha hora semanal para tecnoloxía industrial de 1º e 2º de BAC e electrotécnica.

Este curso os grupos de tecnoloxía de 2º de ESO e 3º de ESO e o grupo de 4º de ESO van a dispoñer do taller grande en todas as horas lectivas.

As materias de Tecnoloxías da Información e da Comunicación de 4º ESO e 1º e 2º de Bacharelato impartiranse nas dúas aulas de informática do centro.

Este curso contamos con dous grupos de TIC en 4º de ESO e en 1º de BAC, polo que un ten que utilizar a aula de informática II, e o outro ten que utilizar a aula do aulario I; e un grupo de TIC de 2º de BAC que este curso dará clase na aula de informática do aulario I.

canto ó ***Plan de revisión das programacións e doutros aspectos organizativos previstos para introducir cara o vindeiro curso*** destácase:

As medidas máis importantes que se van a implementar este curso encóntranse nos puntos 2, 4 e 5 desta programación. Onde aparece os contidos mínimos que non se viron o curso pasado, como será o plan de reforzo e recuperación dos mesmos e a metodoloxía que se vai a usar no caso de ensino semipresencial ou non presencial.

Consideramos tamén que se debería trazar unha liña de traballo coas TIC'S no centro, en 1º e 2º ESO os alumnos dispoñen de equipos Abalar cos que se familiarizan co software libre e a traballar coas TIC'S. Esta forma de traballo vese truncada nos seguintes cursos. E nas circunstancias actuais é moi necesario, que os nenos teñan adquiridas as destrezas que van a necesitar no caso de ter ensino non presencial.

O departamento tamés está a favor da implantación do programa e-dixgal no centro, aínda que de momento non hai máis departamentos que se unan para conseguilo.

Por último, comentar que no departamento seguimos sen pór libro de texto para ningunha das materias que teña que impartir. O profesorado do departamento comprométese a elaborar todo o material necesario e facilitarillo aos alumnos en formato dixital e formato impreso si fose necesario e posible.

## 2 PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

---

Os primeiros días de clase os profesores do departamento, farán unha enquisa aos alumnos para detectar calquera necesidade que poidan ter en medios tecnolóxicos (dispoñen de ordenador, tablet ou móbil propio ou compartido para conectarse, dispoñen de conexión a internet con suficiente capacidade, dispoñen de cámara web, micrófono, auriculares,...) para poder acceder sen problemas as plataformas de traballo habilitadas no caso de ter que seguir as clases desde a casa.

Estos datos serán comunicados aos respectivos titores, os cales cando teñan toda a información pasaránlla á dirección, para crear unha base de datos coas necesidades tecnolóxicas que teñen os alumnos do centro, e estar preparados no caso de ter que recurrir a un ensino semipresencial ou non presencial.

En previsión dun escenario semi presencial ou non presencial, todos os alumnos están dados de alta na aula virtual do centro e no departamento todos os profesores teñen creados os seus cursos cos alumnos matriculados neles e divididos en grupos na aula virtual.

E as primeiras semanas se traballará ca aula virtual na clase (cos ordenadores abalar e nas clases de informática), para que os alumnos se familiaricen ca mesma e con todas as posibilidades de comunicación (foros, mensaxería, conversas e notificacións), realización, entrega (ficheiros ou texto en liña) e corrección de tarefas (con nota simple, rúbricas ou nindicadores de logro), realización de probas con un ou con múltiples intentos, a súa entrega e a súa corrección. Como teñen que facer para acceder ao seu perfil, e as preferencias de editor de texto, foro, mensaxería e notificacións, o uso do calendario para seguir as datas de inicio e de entrega das tarefas e dos exames, e sobre todo como poden usar o editor de texto para engadir non so texto, senón tamén, imaxes, videos e material multimedia.

Tamén está habilitada a aplicación de Moodle para móbil e tablet, polo que nestas primeiras semanas explicarase aos alumnos como poden descargala, cal é o url da aula virtual do centro e como poden usala. De forma que calquera tarefa, proba ou material publicado lle vai a mandar unha notificación e os nenos estarán avisados en tempo real das novidades que o profe e o resto de compañeiros publique na plataforma.

Na nova versión que temos agora tamén podemos utilizar recursos para que os alumnos traballen en grupos e poidan comunicarse entre eles para poder chegar a acordos entre eles:

Espazos de traballo en  
equipo

 **Foro do equipo**

 **Sala de conversa**

 **Wiki colaborativa**



Desta forma se teñen que estar en algún momento seguindo as clases dende a casa, estarán preparados para facelo con garantías.

Os alumnos, coma os profes, temos un correo electrónico con dominio @iespobra, (o dos profesores faise público para as familias na páxina web do centro), co que nos comunicamos a través da aula virtual para que nos cheguen os mensaxes, os comentarios dos foros e os avisos e notificacións.

Para a comunicación coas familias utilizaremos a aplicación Abalar, xa que a gran maioría das familias a teñen activada no móbil, e en caso necesario o correo electrónico e o teléfono.

## 2.1 METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.

---

Traballaremos coa Aula Virtual do centro.

- ❖ Publicarase nos **foros** habilitados para a notificación de avisos e novidades da aula virtual aqueles avisos que non chegan automaticamente como notificación. Os alumnos están suscritos de forma forzosa a este foro, polo que lles chegará a notificación ao correo electrónico e ao móbil ou tablet se teñen a aplicación de Moodle descargada.
- ❖ Os alumnos usarán os foros de dúbidas de cada tema para resolver todas as dúbidas que se lle pode presentar á hora de seguir os temas na aula virtual.
- ❖ Utilizaremos a aplicación de **conversa**, para habilitar unha sala na que podemos chatear en tempo real cos alumnos nunha data e hora determinada.
- ❖ Usaremos a **mensaxería** para comunicación privada cos alumnos e o resto de profesores para coordinarnos.
- ❖ Publicaremos o material necesario para que poidan traballar os temas dende a casa: pdf, infografías, canvas, taboleiros, videos, páxinas da aula virtual, imaxes, presentacións, enlaces,....
- ❖ Realización de **tarefas**, coa entrega de ficheiros e/ou texto en liña con corrección por notas, rubricas e indicadores de logro. No momento da publicación, as datas de inicio e fin aparece no calendario dos alumnos e chégalle por correo e por notificación, o mesmo que a nota e os comentarios cando están correxidas.
- ❖ Realización de **probos** con distintos tipos de preguntas que ofrece a plataforma, no banco de preguntas. E como as tarefas, no momento da publicación, as datas de inicio e fin aparece no calendario dos alumnos e chégalle por correo e por notificación, o mesmo que a nota e os comentarios cando están correxidas.
- ❖ Os alumnos teñen acceso ao seu libro de cualificacións en todo momento..
- ❖ Farase uso da aplicación Cisco Webex para a realización de videoconferencias cos alumnos.
- ❖ Usarase aplicacións de grabación de pantalla, para a realización de videotitoriais que logo se lle subirá ao alumnado na aula virtual.

## 2.2 MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.

---

- ❖ Debemos ter en conta a desigualdade que produce o ensino telemático entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación non presencial.
- ❖ Desde o centro e coa axuda do concello, unha vez coñecidos as necesidades que teñen os alumnos a nivel de recursos dixitais, proveerase de ordenador e conexión a internet a todos os alumnos que o necesiten, (no confinamento conseguíuse que todos os alumnos pudesen estar conectados).
- ❖ Debemos evitar o incremento do estrés propio da situación cunha proposta excesiva de tarefas e actividades educativas a desenvolver.
- ❖ Evitarase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e para acadar este obxectivo debemos coordinarnos os profesores de nivel co titor, para coñecer que tarefas teñen pendente de cada materia por semana e adecuar o traballo que pedimos ao resto de materias.
- ❖ Asemade definirase unha organización para o envío das actividades ó alumnado e contemplará sempre un tempo mínimo de cinco días para que este as poda facer e proceder o seu envío.
- ❖ Seleccionaranse e adaptaranse as metodoloxías mais axeitada á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo alumnado e tentarase en todo momento o emprego de recursos mínimos e sinxelos.

## 2.3 MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.

---

O profesorado terá que estar en contacto co alumnado cos métodos vistos no apartado 2 desta programación.

No momento que algún alumno se descolgue do traballo o profesor poñerase en contacto co alumno para ver cal é o problema e poder solucionalo. En caso de que o problema persista notificarao ao titor, para que informe as familias da situación.

Se o alumno segue sen conectarse e realizar as tarefas despois da intervección do titor, entón, enviaraselle unha mensaxe por abalar as familias indicando cando foi a última vez que o alumno se conectou a aula virtual, ou as videoconferencias, e as tarefas e probas que ten que facer, e para preguntar si hai algún problema que poidamos solucionar para que as familias teñan coñecemento e consigan reverter o problema.

A aula virtual ten un procedemento de “completado de curso” e de completado de actividade, que lle permite ao alumno coñecer en cada momento que actividades requiridas ten rematadas e cales lles queda pos facer, e que permite non abrir actividades ata que antes non teña completadas outras que o profe determine. Permite asegurarse un seguimento completo do traballo do alumno na aula virtual polo propio alumno de forma que se lle facilita a organización do seu tempo.

### 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

---

#### 3.1 CONTRIBUCIÓN DA TECNOLOXÍA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

---

A materia de tecnoloxía contribúe de forma relevante ao desenvolvemento da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía a través do coñecemento e a comprensión dos obxectos, sistemas e contornas tecnolóxicos da nosa contorna e o desenvolvemento de técnicas ou destrezas que lles permitan manipularlos con precisión e seguridade; da utilización do proceso de resolución técnica de problemas e das súas fases; da análise de obxectos ou de sistemas técnicos que permitirá, ademais, recoñecer os elementos que os forman, a súa función no conxunto e as técnicas que se utilizaron para a súa construción.

Son varios os campos nos que se deben aplicar diferentes ferramentas matemáticas que contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática, na confección de orzamentos, no uso de escalas, no cálculo da relación de transmisión de diferentes elementos mecánicos, na medida e cálculo de magnitudes eléctricas básicas, etc.

A contribución da materia ao desenvolvemento da comunicación lingüística e da competencia dixital conséguese a través da lectura e interpretación das diferentes variedades de textos que se traballan na materia, descritivos, argumentativos, expositivos, etc.; a utilización de diferentes códigos, símbolos, esquemas e gráficos; o enriquecemento do vocabulario cun variado léxico específico da materia; a procura e o contraste da información obtida a partir de diversas fontes valorando a súa validez e fiabilidade, internet incluída; e a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a elaboración e difusión ou presentación da documentación asociada ao método de proxectos. A contribución da materia ao desenvolvemento da competencia dixital complétase coa inclusión dun bloque específico de Tecnoloxías da Información e a Comunicación que garante a comprensión do funcionamento e a interrelación entre as diferentes partes dun computador, así como o uso seguro e responsable de sistemas informáticos, de equipos electrónicos e de ferramentas e doutros sistemas de intercambio de información.

O desenvolvemento da competencia aprender a aprender e do sentido de iniciativa e espírito emprendedor abórdanse enfrontando ao alumnado con tarefas cuxa complexidade vai aumentando progresivamente. Así mesmo, a aplicación do método de resolución de problemas favorece o desenvolvemento desta competencia na que o alumnado debe ser capaz de ir superando, en por si, as diferentes fases do proceso de forma ordenada e metódica, o que á súa vez lle permite avaliar a súa propia creatividade e autonomía, reflexionar sobre a evolución do seu proceso de aprendizaxe e asumir as súas responsabilidades.

A contribución da materia á adquisición das competencias sociais e cívicas está de novo claramente marcada polo proceso de resolución de problemas, o cal, a través do traballo en equipo, permite inculcar a importancia da coordinación, o respecto ás opinións dos demais e a toma conxunta de

decisións como ferramentas indispensables para favorecer a convivencia e a participación democrática para conseguir alcanzar a meta proposta. Ademais, o uso responsable das tecnoloxías como valor cívico de referencia se sustancia en preservar o máis posible o medio natural, como patrimonio de todos, e en facilitar a coexistencia entre progreso e conservación do medio. Ademais, na unidade dos materiais plásticos débese destacar a súa importancia na sociedade actual, a súa reciclaxe e a necesidade de reutilizar aqueles que non se poden reciclar. O coñecemento que a construción ten sobre o medio natural nas súas dúas vertentes, unha no impacto ambiental (canteiras, vertedoiros, reciclaxe, etc.) e outra na construción masificada e sen control que destrúe as zonas naturais, fai que o desenvolvemento destes contidos sexa moi importante para a adquisición de habilidades necesarias para acadar a competencia social e cívica. A unidade de máquinas e mecanismos permitirá ao alumno obter as destrezas necesarias para tomar decisións sobre o uso de máquinas e motores para aumentar a capacidade de actuar sobre a contorna e para mellorar a calidade de vida. Saber como se xera a electricidade e as aplicacións desta, tamén fará que o alumno se forme en habilidades propias da vida cotiá como: conexión de lámpadas, coñecemento dos perigos da manipulación e cálculo do consumo. Isto último desenvolve unha actitude responsable sobre o consumo de electricidade. Por outra banda, o desenvolvemento de Internet favoreceu á súa vez o desenvolvemento do software libre, pois decenas, centos ou miles de persoas en todo o mundo colaboran para conseguir un produto gratuíto que todo o mundo pode empregar. A enciclopedia online Wikipedia é, quizais, o exemplo máis significativo.

O estudo e a análise das estruturas das construcións arquitectónicas, industriais, etc., de diferentes culturas, permiten ao alumnado comprender a contribución ao desenvolvemento tecnolóxico de determinados elementos estruturais. O tema de Internet, posto que nos permite establecer contacto directo con persoas que teñen contornas culturais moi dispares, e a evolución dos obxectos que está condicionada pola cultura e as súas manifestacións, polas necesidades sociais, polas tradicións e pola capacidade de adaptación ao medio. Todo iso, tratado transversalmente ao longo da materia, contribúe á adquisición da competencia asociada á conciencia e expresións culturais e tamén ao respecto á diferenzas, e por tanto, á diversidade cultural.

### 3.2 CONTRIBUCIÓN DAS TICS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

---

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a **comunicación lingüística** desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A **competencia matemática** e as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet. A **competencia dixital**, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida **aprender a aprender**, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as **competencias sociais e cívicas** alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a **conciencia e as expresións culturais** reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

## 4 CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

Nas seguintes táboas recóllense, distribuídas por avaliacións, as unidades didácticas des cada curso, e resáltanse en cor azul e subliñado as unidades que se impartiron en todos os grupos na fase presencial, en cor negra sen subliñar as que non se viron e en cor maxenta as vistas na fase non presencial.

### TECNOLOXÍA DE 2º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓNS
<u>UD 1. O proceso tecnolóxico</u>	1ª e 2ª
<u>UD 2. Expresión e comunicación gráfica</u>	1ª
<u>UD 3. Propiedades dos materiais. Madeira e metais</u>	1ª
<u>UD 4. Máquinas e mecanismos</u>	2ª
<u>UD 5. Estruturas</u>	2ª
UD 6. Electricidade	
UD 7. As TICs e o computador	

Táboa 2. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de Tecnoloxía 2ºESO.

## TECNOLOXÍA DE 3º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓNS
<u>UD 1. O proxecto tecnolóxico</u>	1º e 2ª
<u>UD 2. Os Plásticos</u>	1ª
<u>UD 3. Materiais de construción</u>	2ª
<u>UD 4. Deseño gráfico por ordenador</u>	1ª
<u>UD 5. Produción de Enerxía eléctrica</u>	2ª
<b>UD 6. Electricidade</b>	
<b>UD 7. Electrónica básica</b>	
<b>UD 8. O ordenador unha ferramenta esencial</b>	

Táboa 3. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de Tecnoloxía 3ºESO.

## TIC DE 4º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS TIC I	AVALIACIÓNS	UNIDADES DIDÁCTICAS TIC II	AVALIACIÓNS
<u>UD 1. Comunicamos</u>	Todas as avaliacións	<u>UD 1. Comunicamos</u>	Todas as avaliacións
<u>UD 2. Computadores e sistemas operativos</u>	1ª	<u>UD 2. Computadores e sistemas operativos</u>	1ª
<u>UD 3. Redes</u>	1ª	<u>UD 3. Redes</u>	1ª
<u>UD 4. Procesador de texto</u>	1ª	<u>UD 4. Procesador de texto</u>	2ª
<u>UD 5. Presentacións multimedia</u>	2ª	<u>UD 5. Presentacións multimedia</u>	1ª
<u>UD 6. Folla de Cálculo</u>	2ª	<u>UD 6. Folla de Cálculo</u>	2ª
<b>UD 7. Base de Datos</b>		<b>UD 7. Base de Datos</b>	
<b>UD 8. Modelos 3D</b>		<u>UD 8. Modelos 3D</u>	2º e 3ª
<u>UD 9. Edición de Imaxe</u>	2ª	<b>UD 9. Edición de Imaxe</b>	
<b>UD 10. Edición de Son</b>		<b>UD 10. Edición de Son</b>	
<b>UD11. Edición de vídeo</b>		<b>UD11. Edición de vídeo</b>	
<b>UD 12 Programación</b>		<b>UD 12 Programación</b>	

Táboa 4. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de TIC 4ºESO.



## TIC DE 1º BAC

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓNS
<u>Unidade 1. A sociedade do coñecemento</u>	1ª
<u>Unidade 2. Hardware</u>	1ª
<u>Unidade 3. Sistemas operativos</u>	1ª
<u>Unidade 4. Edición e presentación de documentos. Write</u>	1ª
<u>Unidade 5. Folla de cálculo. Calc</u>	1ª
<u>Unidade 6. Base de datos. Base</u>	2ª
<u>Unidade 7. Tratamento dixital de imaxes</u>	
<u>Unidade 8. Presentacións multimedia</u>	2ª
<u>Unidade 9. Edición dixital de son e vídeo e realidade aumentada</u>	
<u>Unidade 10. Redes de computadores e servizos de internet</u>	2º
<u>Unidade 11. Programación</u>	

Táboa 5. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de TIC 1ºBAC.

## TIC DE 2º BAC

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓNS
<u>UD 1. Seguridade informática</u>	1ª
<u>UD 2. Ferramentas da Web 2.0</u>	1ª
<u>UD 3. Deseño e edición da páxinas Web</u>	1ª e 2ª
<u>UD 4. Programación</u>	

Táboa 6. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de TIC 2ºBAC

## TECNO INDUSTRIAL DE 1º BAC

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓNS
<u>Unidade 1. A enerxía e a súa transformación. A enerxía na nosa contorna.</u>	1ª
<u>Unidade 2. Enerxías renovables e non renovables</u>	1ª
<u>Unidade 3. Elementos transmisores e transformadores do movemento e elementos auxiliares de máquinas</u>	1ª e 2ª
<u>Unidade 4. Os materiais de uso industrial: Tipos e propiedades.</u>	2ª
<b>Unidade 5. Metais ferrosos e metais non ferrosos</b>	
<b>Unidade 6. Circuitos eléctricos e electrónicos</b>	
<b>Unidade 7. O circuito pneumático e hidráulico</b>	
<b>Unidade 8. Fabricación de pezas con e sen arranque de labra</b>	
<b>Unidade 9. Deseño, mellora e comercialización de produtos</b>	

Táboa 7. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de Tecno Industrial 1ºBAC

## TECNO INDUSTRIAL DE 2º BAC

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓNS
<u>UD 1. Estrutura interna, Propiedades e ensaios dos materiais.</u>	1ª
<u>UD 2. Aleacións. Diagramas de equilibrios.</u>	1ª
<u>UD 3. Máquinas térmicas e circuitos frigoríficos.</u>	1º
<u>UD 4. Motores térmicos.</u>	2ª
<u>UD 5. Motores eléctricos.</u>	2º
<u>UD 6. Circuitos pneumáticos e oleohidráulicos.</u>	2ª
<b>UD 7: Sistemas de control.</b>	
<b>UD 8: Circuitos lóxicos combinacionais.</b>	
<b>UD 9: Circuitos lóxicos secuenciais.</b>	

Táboa 8. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de Tecno Industrial 2ºBAC



## ROBÓTICA DE 1º DE BAC

UNIDADES DIDÁCTICAS	AVALIACIÓN
<u>UD 1. Orixe e evolución da robótica. Tipo de robots</u>	1ª
<u>UD 2. Estrutura e funcionamento dos robots</u>	1ª
<u>UD 3. Unidades de control</u>	1ª
<u>UD 4. Diagramas de fluxo</u>	2º
<u>UD 5. Programación por bloques. Arduino</u>	2ª
<u>UD 6. Programación nos sistemas de control. Arduino</u>	2ª
<b>UD 7. Deseño e construción de sistemas robóticos. Proxectos robóticos</b>	
<b>UD 8. Intercambio de ideas e divulgación dun proxecto</b>	

Táboa 9. Unidades vistas e non vistas no curso pasado na materia de Robótica 1ºBAC

## **5 LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACION DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO. MEDIDAS METODOLOXICAS E ORGANIZATIVAS**

---

Como no departamento de Tecnoloxía impartimos varias materias e cada unha delas ten as súas características propias, veremos en cada curso o plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado e as medidas metodolóxicas e organizativas adecuadas para cada curso e materia.

### ***TECNOLOXÍA DE 2º ESO***

Como non Temos a materia de Tecnoloxía en 1º de ESO, en 2º comezan de cero, polo que se vai seguir a programación como calquera outro curso, non se necesita pan de reforzo.

### ***TECNOLOXÍA DE 3º ESO***

O curso pasado quedou sen ver a unidade 6 de electricidade e a unidade 7 de informática en 2º de ESO, pero como en terceiro de ESO temos a unidade 6 de electricidade e a 8 de informática. O que vamos a facer e seguir co orden que se utiliza todos os cursos e na unidade 6 e 8 partir de cero. Pois todo o que hai que ver en terceiro nesas temas entra tamén en terceiro e ampliase algo máis.

O Plan de reforzo neste curso consiste en ver a unidade de electricidade e de informática partindo de cero, e que vexan o de segundo e o de terceiro.

### ***TECNOLOXÍA DE 4º ESO***

O curso pasado en 3º de ESO quedou sen ver a unidade 6 de electricidade, a unidade 7 de electrónica básica e a unidade 8 de informática, polo que en 4º de ESO veremos a electricidade e a electrónica básica de 3º na unidade 3 de 4º de ESO “electrónica analóxica”, xa que normalmente sempre facemos un repaso de electricidade. E a unidade 8 de informática de 3º de ESO verémola en 4º de ESO na unidade 1 TIC, que xa engloba o que se ve en terceiro e engadiremos os estándares necesarios para completalo tema.

### ***TIC DE 4º ESO***

Como non Temos a materia de TIC en cursos anteriores, comezamos de cero, polo que se vai seguir a programación como calquera outro curso, non se necesita pan de reforzo.

### ***TIC DE 1º BAC***

O temario de TIC é practicamente o mesmo en 4º e en 1º de Bac, polo que o que quedou sen verse en 4º imólo ver en 1º de Bac nos temas que corresponden a 1º, e partindo de cero.

Normalmente xa se fai, porque as dúas materias son optativas e hai moita xente que colle a materia en 1º de Bac sin collela en 4º, polo que xa nun curso normal se parte de cero.

TIC 4º	TIC 1º DE BAC
UD 7. Base de Datos	U6. Base de datos. Base
UD 8. Modelos 3D	U9. Edición dixital de son e vídeo e realidade aumentada
U9. Edición de Imaxe	U7. Tratamento dixital de imaxes
UD 10. Edición de Son	U9. Edición dixital de son e vídeo e realidade aumentada
UD11. Edición de vídeo	U9. Edición dixital de son e vídeo e realidade aumentada
UD 12 Programación	U11. Programación

**Táboa 10. Relación entre as unidades de TIC de 4º sen ver e as de TIC 1ºBAC onde as veremos**

Ao final do curso xa queda recuperado o perdido en 4º.

### **TIC DE 2º BAC**

Dos alumnos que collen TIC en primeiro so un porcentaxe colle TIC en 2º de BAC, e incluso hai alumnos que non a colleron en 1º e a collen en 2º de Bac.

Neste caso o currículo e totalmente distinto, a única unidade que coincide e a de “programación” que non viron en 1º pero que xa van a ver en 2º.

O Plan de reforzo para as outras unidades será o seguinte:

TIC 1º DE BAC	TIC 2º DE BAC
Unidade 6. Base de datos. Base	Veremos estes contidos na UD 2. Ferramentas da Web 2.0, na súa parte sobre documentos compartidos, onde traballaremos con bases de datos de forma colaborativa.
Unidade 7. Tratamento dixital de imaxes	Veremos estes contidos na UD 2. Ferramentas da Web 2.0 e na UD 3. Deseño e edición da páxinas Web. Xa que na primeira traballaremos con repositorios de imaxes e na segunda editaremos imaxes para usar nas páxinas Web que os alumnos crearán.
Unidade 9. Edición dixital de son e vídeo e realidade aumentada	Veremos este contidos na UD 2. Ferramentas da Web 2.0, xa que unha das principais características da mesma e a interactividad e os repositorios, neste caso de videos, que editaremos con aplicacións online.
Unidade 11. Programación	UD 4. Programación

**Táboa 11. Relación entre as unidades de TIC de 1º BAC sen ver e as de TIC 2ºBAC onde as veremos**

### **TECNO INDUSTRIAL DE 1º BAC**

Como este é o primeiro ano que ven a materia de Tecnoloxía industrial en 1º de Bac, e ademáis o curso pasado non tivemos alumnos en Tecnoloxía de 4º de ESO, partimos de cero, polo que se vai seguir a programación como calquera outro curso, non se necesita pan de reforzo.

## **TECNO INDUSTRIAL DE 2º BAC**

Este curso temos que recuperar parte dos contidos que os alumnos non viron en 1º o ano pasado.

Si vemos as memorias dos últimos cursos, en tecnoloxía industrial de 1º de Bac as unidades 8 e 9 nunca se chegan a ver, polo tamaño do temario. Tampouco se necesitan para seguir o curso en 2º de Bac, polo que a súa revisión será tendo oen conta o grado mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

Na seguinte táboa están as unidades que temos que recuperear e o plan de recuperación e reforzo que seguiremos en 2º de Bac.

<b>TECNO INDUSTRIAL 1º DE BAC</b>	<b>TECNO INDUSTRIAL 2º DE BAC</b>
Unidade 5. Metais ferrosos e metais non ferrosos	Utilizaremos as seguintes unidades para engandir os contidos non vistos en 1º de BAC, coa realización dun traballo en grupo.  UD1. Estrutura interna, Propiedades e ensaios dos materiais.  UD2. Aleacións. Diagramas de equilibrios.
Unidade 6. Circuitos eléctricos e electrónicos	Na UD8. Circuitos lóxicos combinacionais, aproveitaremos para repasar electricidade e algo de electrónica básica.
Unidade 7. O circuito pneumático e hidráulico	UD 6. Circuitos pneumáticos e oleohidráulicos.  Veremos esta unidade desde cero.
Unidade 8. Fabricación de pezas con e sen arranque de labra	Realización dunha presentación en grupo que logo se expoñerá en gran grupo.
Unidade 9. Deseño, mellora e comercialización de produtos	Realización dunha presentación en grupo que logo se expoñerá en gran grupo.

**Táboa 12. Relación entre as unidades de TIN de 1ºBAC sen ver e as de TIN de 2ºBAC onde as veremos**

## **ELECTROTECNIA 2º BAC**

Esta materia so se imparte en 2º de BAC, e polo tanto partimos de cero, non hai que facer un plan de reforzo.

## **6 RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

A relación entre os estándares de aprendizaxe avaliáveis de cada materia e as competencias clave están no apartado seguinte, onde aparecen na mesma táboa, e temos unha táboa por materia e nivel.

## 7 CONCRECIÓN DO CURRÍCULO NOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE PARA CADA MATERIA E CURSO, O GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, TEMPORIZACIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 7.1 TECNOLOXÍA 2º DA ESO

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.</li> <li>▪ B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de maneira clara a definición de Tecnoloxía e de desenvolvemento tecnolóxico, distinguindo claramente o que é un invento e una innovación.</li> <li>▪ Enumera de maneira ordenada as fases do proceso tecnolóxico e reconece ao menos una operación dentro de cada fase.</li> <li>▪ Planifica e temporaliza una secuencia lóxica de operación e tarefas.</li> <li>▪ A partir das directrices aportadas sobre un problema técnico, da solución co deseño dun prototipo orixinal e práctico.</li> </ul>	<p>1ª avaliación 4 sesións</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O deseño do prototipo que dea solución a un problema.</li> <li>▪ Proba escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Planifica o traballo elaborando a documentación previa cumprindo a maioría das directrices dadas: portada, índice paxinado, descrición xeral do proxecto, planificación, planos, presuposto, avaliación final.</li> </ul>	<p>1ª avaliación 3 sesións</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A documentación técnica que acompaña ó proxecto.</li> </ul>

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo.</li> <li>▪ B1.5. Documentación técnica. Normalización.</li> </ul>	respecto polo ambiente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respecta de forma voluntaria todas as normas de seguridade no taller.</li> <li>▪ Presta atención ó manexo dos sistemas de corte e fixación para evitar danos persoais e utilizaos correctamente no taller.</li> <li>▪ Segue de maneira ordenada o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos</li> </ul>	1ª e 2ª Avaliación 4 sesións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A construción do prototipo a partires do deseño realizado e da documentación técnica elaborada.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colabora sempre cos seus compañeiros.</li> <li>▪ Dialoga cos seus compañeiros antes de acometer o traballo no taller.</li> <li>▪ Cumpre co seu traballo, unha vez repartidas as tarefas dentro do grupo.</li> </ul>	1ª e 2ª Avaliación 4 sesións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación directa diaria do alumnado na realización de proxectos e prácticas co fin de facer un seguimento da súa evolución como membro dun grupo e do grupo mesmo.</li> </ul>
<b>Bloque 2. Expresión e comunicación técnica</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Acotación e escalas. Normalización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece os materiais e sabe usar os instrumentos de debuxo</li> <li>▪ Representa correctamente e con claridade as vistas en perspectiva isométrica e cabaleira en plantillas, utilizando as normas de acotación de forma clara e concisa</li> <li>▪ Aplica mediante regra de tres a definición de escalas na resolución de problemas.</li> </ul>	1ª avaliación e en todas como aplicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exercicios e probas de representación de obxectos mediante vistas e perspectivas.</li> <li>▪ En cada unha das avaliacións, representación de elementos que incorpora o proxecto realizado.</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Lee, interpreta e explica a información contida en imaxes de forma clara e concisa.</li> </ul>	Todas as avaliacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exercicios de interpretación e elaboración de esbozos e bosquexos.</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza de maneira correcta e sen despistarse a procura de información relevante en Internet, e emprega un editor de texto para elaborar os documentos.</li> <li>▪ Utiliza, por riba, software de deseño vectorial como Imageener ou libreCad.</li> </ul>	Todas as avaliacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaboración da documentación do proxecto técnico realizado en cada avaliación.</li> <li>▪ Realización de esbozos e bosquejos a partir de obxectos e ideas.</li> <li>▪ Prácticas de debuxo vectorial.</li> </ul>
Bloque 3. Materiais de uso técnico							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.</li> <li>▪ B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece as distintas propiedades dos materiais e en particular as dos materiais de uso técnico deste curso, madeira e metais.</li> <li>▪ Describe de forma clara e concisa a clasificación, obtención e aplicación dos distintos materiais de uso técnico</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización e exposición monográficos de investigación.</li> <li>▪ Realización de probas escritas</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Distingue claramente materia prima, materiais naturais e materiais transformados.</li> <li>▪ Describe de forma clara e concisa a clasificación, propiedades e aplicación da madeira e dos metais.</li> <li>▪ Identifica, en obxectos cotiás sinxelos, os distintos tipos de materiais con que están feitos.</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exercicios prácticos e escritos</li> <li>▪ Realización de probas escritas</li> </ul>
▪ I	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Seguridade física: protección física das redes.</li> <li>▪ B1.10. Tipos de código malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza un esquema de bloques con todos os elementos de hardware necesarios nunha pequena rede para acadar protexer a información.</li> <li>▪ Coñece que é un cortalumes e un antispysware e cal é a súa función.</li> </ul>	1º Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización do esquema de bloque utilizando aplicacións informáticas, e entrega do mesmo na aula virtual.</li> <li>▪ Observación directa.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Analiza diferentes tipos de ataques e os seus diferentes mecanismos de protección.</li> </ul>	1º Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar un traballo expositivo onde analizan os diferentes ataque e a posible protección para cada un deses ataques.</li> <li>▪ Proba escrita.</li> </ul>

## 7.9 ELECTROTECNIA 2º DE BACHARELATO

Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Circuitos eléctricos							
di m	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1 Magnitudes e unidades eléctricas.</li> <li>B1.2 Campo eléctrico, diferenza de potencial, carga eléctrica e capacidade. Permittividade dieléctrica. Condensadores.</li> <li>B1.3 Forza electromotriz, intensidade de corrente e resistencia eléctrica. Resistividade. Lei de Ohm.</li> <li>B1.4 Campo magnético: leis de Faraday-Lenz e Ampère. Permeabilidade magnética. Solenoides e bobinas. Autoindución.</li> <li>B1.5 Relación entre tensión e corrente nos compoñentes pasivos.</li> </ul>	B1.1 Aplicar os principios da electricidade para describir matematicamente o funcionamento dos compoñentes pasivos e calcular os seus parámetros eléctricos.	ELB1.1.1 Calcula os parámetros eléctricos dos compoñentes pasivos a partir das súas características físicas.	CMCCT CAA	Resolve os problemas que se lle plantexan utilizando as magnitudes e as unidades correctas, con soltura.	1º Avaliación	Realización de boletín de exercicios. Observación directa. Proba escrita.
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB1.1.2 Reduce as asociacións de compoñentes eléctricos do mesmo tipo aos compoñentes equivalentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Calcula as Resistencias e os condensadores equivalentes de asociación en serie, paralelo e mixto de forma correcta</li> </ul>	1º Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de boletín de exercicios.</li> <li>Observación directa.</li> <li>Proba escrita.</li> </ul>

Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6 Traballo, enerxía e potencia eléctricas. Lei de Joule.</li> <li>▪ B1.7 Carga e descarga de condensadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2 Explicar cualitativamente os fenómenos derivados dunha alteración nun elemento dun circuito eléctrico sinxelo e estimar as variacións que se espera que tomen os valores das magnitudes eléctricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB1.2.1 Relaciona as alteracións en elementos dun circuito eléctrico sinxelo coas variacións que se espera que tomen os valores de tensión e corrente neles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Razona e explica con claridade a relación entre intensidade e voltaxe en circuitos sinxelos, utilizando a lei de Ohm.</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de boletín de cuestións.</li> <li>▪ Observación directa.</li> <li>▪ Proba escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8 Circuitos eléctricos de corrente continua. Conexión de compoñentes activos e pasivos: xeradores e receptores. Leis de Kirchhoff.</li> <li>▪ B1.9 Simbología normalizada.</li> <li>▪ B1.10 Consumo de enerxía e disipación de potencia nos compoñentes pasivos en corrente continua. Potencia subministrada e rendemento dun xerador real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3 Calcular os valores das magnitudes eléctricas en circuitos de corrente continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB1.3.1 Calcula os valores das correntes e das tensións nun circuito eléctrico de corrente continua aplicando as leis de Kirchhoff, se fose necesario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aplica correctamente as leis de Kirchoff para a resolución de circuitos sinxelos de corrente continua.</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de boletín de exercicios.</li> <li>▪ Observación directa.</li> <li>▪ Proba escrita.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB1.3.2 Representa e interpreta esquemas de circuitos eléctricos básicos de corrente continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Representa en simuladores circuitos básicos de corrente continua e sabe interpretalos.</li> </ul>	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entrega das prácticas na aula virtual.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB1.3.3 Calcula a enerxía disipada e a potencia consumida nos compoñentes eléctricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Calcula os valores de potencia e enerxía en circuitos de corrente continua usando as fórmulas e as unidades de forma correcta.</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de boletín de exercicios.</li> <li>▪ Observación directa.</li> <li>▪ Proba escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11 Circuitos eléctricos de corrente alterna monofásica. Características e parámetros da corrente alterna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4 Analizar o comportamento de circuitos de corrente alterna, en contornos reais ou simulados,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB1.4.1 Calcula a impedancia de circuitos mixtos simples, compostos por cargas resistivas e reactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Calcula de forma correcta a impedancia de circuitos mixtos simples, compostos por cargas resistivas e reactivas.</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de boletín de exercicios.</li> <li>▪ Observación directa.</li> <li>▪ Proba escrita.</li> </ul>

Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
I m	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5 Relación entre tensión e corrente nos compoñentes pasivos.</li> <li>B1.12 Efectos da resistencia, da autoindución e da capacidade na corrente alterna.</li> <li>B1.13 Impedancia dos compoñentes pasivos. Variación da impedancia coa frecuencia: resonancia.</li> <li>B1.14 Representación gráfica das magnitudes da corrente alterna: fasores.</li> <li>B1.15 Enerxía e potencia en corrente alterna. Potencias aparente, activa e reactiva. Factor de potencia.</li> <li>B1.9 Simbología normalizada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>calcular os valores das magnitudes eléctricas e representalas vectorialmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB1.4.2 Calcula os valores das correntes e das tensións en circuitos de corrente alterna alimentados por un xerador senoidal monofásico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Calcula os valores das correntes e das tensións en circuitos sinxelos de corrente alterna alimentados por un xerador senoidal monofásico</li> </ul>	1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de boletín de exercicios.</li> <li>Observación directa.</li> <li>Proba escrita.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB1.4.3 Representa vectorialmente as magnitudes eléctricas nos compoñentes dun circuito de corrente alterna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representa vectorialmente as magnitudes eléctricas nos compoñentes dun circuito sinxelo de corrente alterna</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de simulacións con software específico.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB1.4.4 Calcula as potencias disipada, reactiva e aparente, e o factor de potencia nos compoñentes pasivos dun circuito de corrente alterna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Calcula as potencias disipada, reactiva e aparente, e o factor de potencia nos compoñentes pasivos dun circuito sinxelo de corrente alterna.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de boletín de exercicios.</li> <li>Observación directa.</li> <li>Proba escrita</li> </ul>
a b d i l	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.16 Instrumentos de medida. Voltímetro, amperímetro, ohmetro e polímetro.</li> <li>B1.17 Técnicas de medida. Influencia dos instrumentos nos resultados das medidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5 Realizar medidas de magnitudes características en circuitos eléctricos de corrente continua e alterna aplicando o procedemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB1.5.1 Selecciona os aparatos de medida adecuados, conéctaos correctamente e elixe a escala óptima, mide as magnitudes básicas de circuitos eléctricos de corrente continua e alterna e verifica o estado dos compoñentes activos e pasivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Selecciona os aparatos de medida adecuados, conéctaos correctamente e elixe a escala óptima, mide as magnitudes básicas de circuitos eléctricos de corrente continua e verifica o estado dos compoñentes.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Montaxe de circuitos e comprobación do funcionamento empregando simuladores.</li> </ul>

Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
▪ m	▪ B1.18 Normas de seguridade na realización de medidas de magnitudes eléctricas.	adecuado.	▪ ELB1.5.2 Realiza medidas eléctricas de forma segura tanto para a persoa que a realiza como para os circuitos ou as instalacións eléctricas.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE	▪ Utiliza as normas de seguridade no taller.	▪	▪ Observación directa.
Bloque 2. Máquinas eléctricas							
▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B2.1 Campos e forzas magnéticas creados por correntes eléctricas. Indución electromagnética. Forza sobre unha corrente nun campo magnético. ▪ B2.2 Funcionamento das máquinas eléctricas. Campo xiratorio.	▪ B2.1 Explicar o funcionamento das máquinas eléctricas básicas en relación cos fenómenos eléctricos e magnéticos.	▪ ELB2.1.1 Explica o funcionamento de dispositivos destinados a producir enerxía motriz e sinala as relacións e interaccións entre os fenómenos que teñen lugar.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA	▪ Explica o funcionamento de case todos os dispositivos destinados a producir enerxía motriz e sinala as relacións e interaccións entre os fenómenos que teñen lugar.	▪	▪ Realización de informes de investigación sobre os sistemas destinados a producir enerxía motriz.
▪ d ▪ e ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B2.3 Máquinas de corrente continua: tipos de conexión. Aplicacións. ▪ B2.4 Máquinas de corrente alterna. Tipos. Aplicacións. ▪ B2.5 Transformadores: relación de tensións. Aplicacións. ▪ B2.6 Potencia, par motor e rendemento. Perdas en máquinas eléctricas.	▪ B2.2 Interpretar as especificacións técnicas de máquinas eléctricas e determinar as magnitudes principais do seu comportamento en condicións nominais.	▪ ELB2.2.1 Identifica os parámetros principais das máquinas eléctricas.  ▪ ELB2.2.2 Analiza esquemas de circuitos de máquinas eléctricas e explica o seu funcionamento.	▪ CMCCT  ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE	▪ Identifica os parámetros principais das máquinas eléctricas.  ▪ Analiza esquemas de circuitos sinxelos de máquinas eléctricas e explica o seu funcionamento.	▪	▪ Realización de actividades de identificación dos parámetros das máquinas.  ▪ Realización de simulacións con software específico. ▪ Observación directa.

Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB2.2.3 Realiza medidas de parámetros de funcionamento de máquinas eléctricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza medidas de parámetros de funcionamento de máquinas eléctricas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Montaxe de circuitos e comprobación do funcionamento empregando simuladores.</li> </ul>
Bloque 3. Electrónica							
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>e</li> <li>i</li> <li>g</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1 Semicondutores. Funcionamento de díodos e transistores.</li> <li>B3.2 Circuitos básicos con díodos e transistores. Rectificación e estabilización. Amplificación e conmutación. Polarización e punto de traballo. Corte e saturación. Potencia disipada nun compoñente semiconductor.</li> <li>B3.3 Tratamento de sinais. Amplificadores operacionais.</li> <li>B3.4 Sensores e transdutores. Micrófonos e altosfalantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1 Explicar o funcionamento de circuitos electrónicos característicos con transistores e díodos e calcular os parámetros dos compoñentes electrónicos dos que constan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB3.1.1 Identifica a función de elementos discretos ou de bloques funcionais en esquemas de circuitos electrónicos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica a función de elementos discretos en esquemas de circuitos electrónicos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de actividades de identificación de elementos e función</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB3.1.2 Realiza os cálculos necesarios para determinar as magnitudes eléctricas nun circuito electrónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza os cálculos necesarios para determinar as magnitudes eléctricas nun circuito electrónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de boletín de exercicios.</li> <li>Observación directa.</li> <li>Proba escrita</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB3.1.3 Representa e interpreta esquemas de circuitos electrónicos característicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representa e interpreta esquemas de circuitos electrónicos característicos sinxelos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de representación gráfica utilizando recursos TIC</li> </ul>

Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5 Funcionamento, tipos e diagrama de bloques de fontes de alimentación e doutros circuitos electrónicos característicos de complexidade similar.</li> <li>▪ B3.6 Funcionamento e diagrama de bloques de equipamentos electrónicos de uso común.</li> <li>▪ B3.7 Medida de magnitudes eléctricas en circuitos electrónicos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB3.1.4 Realiza montaxes reais ou simuladas de circuitos electrónicos a partir dun esquema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza montaxes reais ou simuladas de circuitos electrónicos sinxelos a partir dun esquema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de simulacións con software específico.</li> </ul>
Bloque 4. Instalacións eléctricas							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1 Instalacións eléctricas: tipos</li> <li>▪ B4.2 Instalacións interiores en vivendas. Cadro de mando e protección. Circuitos de distribución interna.</li> <li>▪ B4.3 Simbología, normas e seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1 Analizar instalacións de vivendas, reais ou simuladas, interpretando esquemas eléctricos, realizar montaxes de pequenas instalacións e identificar os riscos para a seguridade para as persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ELB4.1.1 Interpreta esquemas de instalacións eléctricas de vivendas e realiza a súa montaxe en contornos de traballo reais ou simulados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interpreta esquemas de instalacións eléctricas de vivendas sinxelas e realiza a súa montaxe en contornos de traballo reais ou simulados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Montaxe de circuitos e comprobación do funcionamento empregando simuladores.</li> <li>▪ Realización de simulacións con software específico.</li> </ul>



Electrotecnia - 2º Bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución para superar a materia	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ELB4.1.2 Identifica os riscos para a seguridade para as persoas derivados do uso incorrecto de instalacións eléctricas ou dos defectos no seu deseño ou na súa montaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica a maioría dos riscos para a seguridade para as persoas derivados do uso incorrecto de instalacións eléctricas ou dos defectos no seu deseño ou na súa montaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de simulacións con software específico.</li> <li>Realización de informes de investigación e/ou análise dos riscos para a seguridade.</li> <li>Proba escrita</li> </ul>

## 8 CONCRECIÓN METODOLÓXICA QUE REQUIRE A MATERIA

---

A área de Tecnoloxía debe fomentar a adquisición duns hábitos intelectuais e o desenrolo dunhas destrezas técnicas que lle permitan ao alumnado identificar situacións problemáticas da vida cotiá e formular, con espírito innovador e creativo, posibles vías de solución e formas de avaliar as súas consecuencias. Esta dualidade do saber e do facer articula un binomio coñecemento-acción cun peso equivalente.

### 8.1 ASPECTOS XERAIS

---

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas: Combinar traballo individual e cooperativo.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC como ferramentas ou medios que facilitan o traballo. Empregaranse para reunir e realizar a presentación da información, como ferramentas de deseño ou como simuladores.
- Papel facilitador do profesor/a.

### 8.2 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

---

- Memorización comprensiva.
- A busca de información, a montaxe e publicación dun proxecto seguindo a planificación previamente elaborada para pequenos proxectos.
- Elaboración de sínteses: a presentación, oral e/ou escrita, de informes sobre ideas e solucións, favorecendo o debate e propiciando a argumentación e a achega de ideas
- Formulación de problemas abertos que admitan múltiples solucións para estimular a creatividade.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos): A verificación de que as aplicacións creadas compren as especificacións previstas mediante simples comprobacións do funcionamento e, de ser preciso, a oportuna depuración.
- Integramos o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas ou medios que facilitan o traballo, non como un fin en si mesmas. O seu emprego para reunir e presentar información, como ferramentas de deseño ou como simuladores, serán elementos de referencia durante todo o curso.

## 8.3 SECUENCIA DE TRABAJO HABITUAL NA AULA

---

### 8.3.1 MOTIVACIÓN

- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.
- Participación no Foro de Introducción do Tema no Aula Virtual Moodle, ou en Agueiro.

### 8.3.2 INFORMACIÓN DO PROFESOR/A

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

### 8.3.3 TRABAJO PERSOAL

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Participación en Foros de reflexión e debate.
- Elaboración de mapas, gráficas, síntesis ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

### 8.3.4 AVALIACIÓN

- Análise de producións, portfolio: entrada de blogue, vídeos, presentacións, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Cuestionarios.
- Probas escritas.
- Traballos individuais, en parella e en equipo.
- Observación do traballo na aula.
- Participación nos Foros de Reflexión e Debate.

## 8.4 OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

---

### 8.4.1 AGRUPAMENTOS

En función das actividades a realizar, organizaranse distintos agrupamentos de alumnos. Haberá actividades individuais como as tradicionais probas escritas ou os portafolios (dixitais ou analóxicos; cadernos de clase) e a realización de actividades/tarefas propostas. Tamén se realizarán traballos e actividades en parellas-tríos rotatorios e o traballo no taller para a realización dos proxectos no que se dividirá a aula en equipos de 4-5 alumnos estables ao longo do curso.

### 8.4.2 TEMPOS

Os tempos axustaranse as actividades/tarefas/proxectos propostos e contéplase certa flexibilidade nas entregas aínda que coa conseguente penalización.

As actividades/tarefas a realizar en parellas/tríos nunha sesión concreta non poderán recuperarse noutros momentos.

### 8.4.3 ESPAZOS

- Aula.
- Aula-Taller 1 e 2.
- Aula de informática 1 . 24 con sistema operativo Linux. Permite traballo individual 1 equipo por alumno.
- Aula de informática 2. 20 equipos con Windows 7. Permite traballo individual 1 equipo por alumno.

### 8.4.4 USO DE DISPOSITIVOS MÓBILES NA AULA

O teléfono móbil é unha ferramenta de grande importancia na sociedade da información e da comunicación, onde os adolescentes son os maiores dependentes e consumidores de esta. Dende este departamento consideramos que o sistema educativo no pode permanecer alleo a esta realidade tanto polo que nos toca como formadores do alumnado para o seu desenvolvemento na sociedade como polo aproveitamento académico deste recurso, que xa non é un mero dispositivo de comunicación senón que leva implícito unha enorme variedade de ferramentas potencialmente educativas.

A utilización do móbil dentro da aula abarcará temas de uso axeitado e responsable, de seguridade en internet e nas redes sociais, como ferramenta educativa coñecendo e empregando determinadas aplicacións,

Algúns dos beneficios máis salientables que conlevan a utilización pedagóxica do móbil na aula poden ser (Herrera y Fennema, 2011):

- portabilidade,
- conectividade en calquera momento e lugar,
- acceso flexible e oportuno aos recursos de aprendizaxe,
- inmediatez da comunicación,
- participación e compromiso dos alumnos,
- experiencias de aprendizaxe activas,
- aumento da alfabetización informática,
- mellora das competencias de comunicación e creación de comunidades,
- potencia da creación da identidade,
- aprendizaxe colaborativo, ..

Herrera, S. y Fennema, M. C. (2011). “Tecnoloxías móbiles aplicadas a la educación superior”. En AAVV, Actas del XVII Congreso Argentino de Ciencias de la Computación (pp. 620-630). La Plata: Universidad Nacional de La Plata.

Un dos varios motivos expostos por Lisa Nielsen, recoñecida educadora norteamericana famosa polos seus traballos de divulgación en innovación educativa, para non prohibir o móbil na aula ven a dicir que temos que ensinar aos nosos alumnos xeitos responsables de empregar a tecnoloxía, dentro e fora da aula, os nosos alumnos xa usan os móbiles para comunicarse, pasarse imaxes ou participar nas redes sociais, os riscos, que os hai, non van desaparecer polo feito de ignoralos, os erros, que os tiveron, foron por unha aprendizaxe en solitario, por unha tecnoloxía que non herdan dos seus pais nin dos seus profesores. Neste tema, xunto con outros, o alumnado e o profesor deben establecer como, cando e para que usar o móbil na aula, colaborando e compartido para un uso responsable.

## 8.5 TEMPORALIZACIÓN DOS CÓNTIDOS EN UNIDADES DIDACTICAS

---

A acción pedagóxica na aula prográmase mediante o desenrolo de unidades didácticas ordenadas e secuenciadas. As unidades están adaptadas ao período lectivo distribuído en tres trimestres, abarcando todos os bloques de contido recollidos no currículo oficial e tendo en conta a orde pola que se aproba o calendario escolar para curso 2019/2020. Pero debemos ter presente que poderá verse modificada polo profesor/a dependendo do ritmo de aprendizaxe e das necesidades do grupo onde se leven a cabo.

Tendo en conta que o curso ten aproximadamente 36 semanas, 14 semanas na 1ª avaliación, 12 semanas na 2ª e 10 semanas na 3ª. Podemos facer unha estimación da repartición do tempo por unidade didáctica para cada curso e materia, de forma que podamos relacionar as unidades didácticas cos estándares de aprendizaxe.

### 8.5.1 2º DE ESO TECNOLOXÍA (3 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDADES DE APRENDIZAXE			SESIÓNS
<b>UD 1. O proceso tecnolóxico</b>	TEB1.1.1. TEB 1.2.3. TEB5.2.3.	TEB1.2.1. TEB5.2.1.	TEB 1.2.2. TEB5.2.2.	<b>12</b>
<b>UD 2. Expresión e comunicación gráfica</b>	TEB2.1.1. TEB5.2.1.	TEB2.2.1. TEB5.2.2.	TEB2.3.1. TEB5.2.3.	<b>16</b>
<b>UD 3. Propiedades dos materiais. Madeira e metáis</b>	TEB3.1.1. TEB3.2.2.	TEB3.1.2. TEB5.2.1.	TEB3.2.1.	<b>14</b>
<b>UD 4. Máquinas e mecanismos</b>	TEB1.1.1. TEB4.2.3. TEB5.2.1.	TEB4.2.1. TEB4.2.4. TEB5.2.3.	TEB4.2.2. TEB4.2.5.	<b>18</b>
<b>UD 5. Estruturas</b>	TEB 1.2.3. TEB4.1.2.	TEB1.1.1. TEB5.2.1.	TEB4.1.1.	<b>16</b>
<b>UD 6. Electricidade</b>	TEB 1.2.3. TEB5.2.2.	TEB4.3.1. TEB5.2.3.	TEB4.3.2.	<b>18</b>
<b>UD 7. As TICs e o computador</b>	TEB5.1.1. TEB5.2.3.	TEB5.2.1.	TEB5.2.2.	<b>14</b>

**Táboa 13. Temporalización dos estándares na materia de Tecnoloxías 2ºESO.**

### 8.5.2 3º DE ESO TECNOLOXÍA (2 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDADES DE APRENDIZAXE			SESIÓNS
<b>UD 1. O proxecto tecnolóxico</b>	TEB1.1.1. TEB1.2.3. TEB5.3.2.	TEB1.2.1. TEB2.1.1. TEB5.3.3.	TEB1.2.2. TEB2.2.1.	<b>10</b>
<b>UD 2. Os Plásticos</b>	TEB1.2.3. TEB3.1.2	TEB2.2.1.	TEB3.1.1.	<b>8</b>
<b>UD 3. Materiais de construción</b>	TEB2.2.1.	TEB3.1.1.	TEB3.1.2	<b>8</b>
<b>UD 4. Deseño gráfico por ordenador</b>	TEB1.2.3.	TEB2.1.1.	TEB2.2.1.	<b>10</b>
<b>UD 5. Produción de Enerxía eléctrica</b>	TEB1.2.3. TEB5.3.2.	TEB2.2.1.	TEB4.1.1.	<b>8</b>
<b>UD 6. Electricidade</b>	TEB1.2.3. TEB4.2.2 TEB5.3.1.	TEB2.2.1. TEB4.3.1. TEB5.3.2.	TEB4.2.1. TEB4.3.2.	<b>10</b>
<b>UD 7. Electrónica básica</b>	TEB1.2.3. TEB4.3.2. TEB5.3.2.	TEB2.2.1. TEB4.4.1	TEB4.3.1. TEB5.3.1.	<b>8</b>
<b>UD 8. O Ordenador unha ferramenta esencial</b>	TEB1.2.3. TEB5.2.2	TEB5.1.1. TEB5.3.1.	TEB5.2.1. TEB5.3.2.	<b>8</b>

**Táboa 14. Temporalización dos estándares na materia de Tecnoloxías 3ºESO.**

### 8.5.3 4º DE ESO TECNOLOXÍA (3 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SESIÓNS
<b>UD 1. Tecnoloxías da información e a comunicación</b>	<b>TEB1.1.1. TEB1.1.2 TEB1.2.1 TEB1.2.2 TEB1.3.1 TEB1.4.1</b>	<b>16</b>
<b>UD 2. Instalacións en vivendas</b>	<b>TEB2.1.1 TEB2.1.2 TEB2.2.1 TEB2.2.2 TEB2.3.1 TEB2.4.1</b>	<b>16</b>
<b>UD 3. Electrónica analóxica</b>	<b>TEB3.1.1 TEB3.1.2 TEB3.2.1 TEB3.3.1</b>	<b>15</b>
<b>UD 4. Electrónica dixital</b>	<b>TEB3.3.1 TEB3.4.1 TEB3.4.2 TEB3.5.1</b>	<b>15</b>
<b>UD 5. Control e robótica</b>	<b>TEB4.1.1 TEB4.1.2 TEB4.2.1 TEB4.3.1.</b>	<b>16</b>
<b>UD 6. Pneumática e hidráulica</b>	<b>TEB5.1.1. TEB5.2.1 TEB5.3.1. TEB5.4.1</b>	<b>16</b>
<b>UD 7. Tecnoloxía e sociedade</b>	<b>TEB6.1.1. TEB6.2.1. TEB6.3.1 TEB6.3.2</b>	<b>16</b>

**Táboa 15. Temporalización dos estándares na materia de Tecnoloxías 4ºESO.**



#### 8.5.4 4º DE ESO TIC (3 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			SESIÓNS
UD 1. Comunicámonos	TICB1.1.1. TICB1.3.1 TICB4.1.2. TICB6.1.2.	TICB1.1.2. TICB2.1.1. TICB5.1.1. TICB6.1.3.	TICB1.2.1. TICB2.3.1. TICB5.3.1. TICB6.2.1.	4
UD 2. Computadores e sistemas operativos	TICB1.1.1. TICB2.1.2. TICB2.4.1. TICB4.1.3.	TICB1.3.1. TICB2.2.1. TICB4.1.1. TICB5.1.1.	TICB2.1.1. TICB2.3.1. TICB4.1.2.	12
UD 3. Redes	TICB1.1.1. TICB2.1.1. TICB4.1.2.	TICB1.1.2. TICB2.1.2. TICB5.1.1.	TICB1.3.1 . TICB2.5.1.	10
UD 4. Procesador de texto	TICB1.1.1. TICB5.1.1.	TICB2.1.1. TICB6.1.1.	TICB3.1.1.	9
UD 5. Presentacións multimedia	TICB1.1.1. TICB5.1.1.	TICB2.1.1. TICB6.1.1.	TICB3.2.1. TICB6.3.1.	7
UD 6. Folla de Cálculo	TICB1.1.1. TICB5.1.1.	TICB2.1.1.	TICB3.1.2	10
UD 7. Base de Datos	TICB1.1.1. TICB5.1.1.	TICB2.1.1.	TICB3.1.3.	6
UD 8 Modelos 3D	TICB1.1.1. TICB2.1.1. TICB6.1.3	TICB1.1.2 TICB5.1.1. TICB6.3.1.	TICB1.3.1 TICB6.1.1.	10
UD 9. Edición de Imaxe	TICB1.1.1. TICB3.2.2. TICB6.3.1.	TICB1.3.2. TICB5.1.1.	TICB2.1.1. TICB6.1.1.	10
UD 10. Edición de Son	TICB1.1.1. TICB3.2.2. TICB6.3.1.	TICB1.3.2. TICB5.1.1.	TICB2.1.1. TICB6.1.1.	6
UD11. Edición de vídeo	TICB1.1.1. TICB3.2.2. TICB6.3.1.	TICB1.3.2. TICB5.1.1.	TICB2.1.1. TICB6.1.1.	12
UD 12 Programación	TICB1.1.1. TICB5.2.1	TICB1.1.2 TICB5.2.2.	TICB2.1.1.	12

Táboa 16. Temporalización dos estándares na materia de TIC de 4º ESO

### 8.5.5 1º BACHARELATO TECNOLOXÍA INDUSTRIAL (3 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SESIÓNS
<b>Unidade 1. A enerxía e a súa transformación. A enerxía na nosa caontorna.</b>	<b>TI1B4.2.1. TI1B4.2.2. TI1B4.2.3.</b>	<b>12</b>
<b>Unidade 2. Enerxías renovables e non renovables</b>	<b>TI1B4.1.1. TI1B4.1.2.</b>	<b>14</b>
<b>Unidade 3. Elementos transmisores e transformadores do movemento e elementos auxiliares de máquinas</b>	<b>TI1B2.1.1. TI1B2.1.2. TI1B2.2.2.</b>	<b>14</b>
<b>Unidade 4. Os materiais de uso industrial: Tipos e propiedades.</b>	<b>TI1B3.1.1 TI1B3.1.2. TI1B3.2.1.</b>	<b>12</b>
<b>Unidade 5. Metais ferrosos e metais non ferrosos</b>	<b>TI1B3.1.1 TI1B3.1.2. TI1B3.2.1. TI1B3.4.1.</b>	<b>14</b>
<b>Unidade 6. Circuitos eléctricos e electrónicos</b>	<b>TI1B2.2.1 TI1B2.2.2. TI1B2.3.1. TI1B2.3.2. TI1B2.4.1.</b>	<b>12</b>
<b>Unidade 7. O circuito pneumático e hidráulico</b>	<b>TI1B2.2.1 TI1B2.2.2. TI1B2.3.1. TI1B2.3.2. TI1B2.4.1.</b>	<b>12</b>
<b>Unidade 8. Fabricación de pezas con e sen arranque de labra</b>	<b>TI1B3.3.1. TI1B3.3.2. TI1B3.3.3. TI1B3.4.1.</b>	<b>10</b>
<b>Unidade 9. Deseño, mellora e comercialización de produtos</b>	<b>TI1B1.1.1 TI1B1.2.1. TI1B1.2.2.</b>	<b>8</b>

**Táboa 17. Temporalización dos estándares na materia de Tecnoloxía Industrial de 1º Bacharelato.**

### 8.5.6 1º BACHARELATO TIC (2 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SESIÓNS
Unidade 1. A sociedade do coñecemento	TIC1B1.1.1. TIC1B1.1.2.	4
Unidade 2. Hardware	TIC1B2.1.1. TIC1B2.1.2. TIC1B2.1.3. TIC1B2.1.4	4
Unidade 3. Sistemas operativos	TIC1B2.2.1. TIC1B2.2.2.	4
Unidade 4. Edición e presentación de documentos. Write	TIC1B3.1.2.	10
Unidade 5. Folla de cálculo. Calc	TIC1B3.1.4	9
Unidade 6. Base de datos. Base	TIC1B3.1.1.	5
Unidade 7. Tratamento dixital de imaxes	TIC1B3.1.5. TIC1B3.1.6.	10
Unidade 8. Presentacións multimedia	TIC1B3.1.3	4
Unidade 9. Edición dixital de son e vídeo e realidade aumentada	TIC1B3.1.6.	11
Unidade 10. Redes de computadores e servizos de internet	TIC1B4.1.1. TIC1B4.2.1 TIC1B4.2.2. TIC1B4.2.3. TIC1B4.3.1.	5
Unidade 11. Programación	TIC1B5.1.1 TIC1B5.2.1. TIC1B5.3.1 TIC1B5.4.1. TIC1B5.5.1.	6

Táboa 18. Temporalización dos estándares na materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación de 1º Bacharelato.

### 8.5.7 2º BACHARELATO ELECTROTÉCNIA (2 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SESIÓNS
UD 1. A electricidade. Conceptos xerais.	ELB1.1.1	4
UD 2. Resistencia, potencia e enerxía eléctrica.	ELB1.1.1 ELB1.2.1 ELB1.3.3	5
UD 3. Circuitos eléctricos de corrente continua	ELB1.1.2 ELB1.3.1 ELB1.3.2 ELB1.5.1 ELB1.5.2	9
UD 4. Os condensadores	ELB1.1.1 ELB1.1.2 ELB1.1.2	4
UD 5. Magnetismo	ELB1.4.1	5
UD 6. A Corrente Alterna	ELB1.3.3 ELB1.4.1 ELB1.4.2 ELB1.4.4 ELB1.5.1	10
UD 7. Medidas eléctricas	ELB1.4.2 ELB1.4.3 ELB1.5.2	5
UD 8. O transformador	ELB1.1.2 ELB1.3.1	4
UD 9. Máquinas eléctricas de corrente continua	ELB2.1.1 ELB2.2.1 ELB2.2.2 ELB2.2.3	7
UD 10. Máquinas eléctricas de corrente alterna	ELB2.1.1 ELB2.2.1 ELB2.2.2 ELB2.2.3	7
UD 11. Electrónica	ELB3.1.1 ELB3.1.2 ELB3.1.3 ELB3.1.3	12
UD 12. Instalacións eléctricas básicas e de seguridade	ELB4.1.1 ELB4.1.2	4

Táboa 19. Temporalización dos estándares na materia de Electrotecnia de 2º Bacharelato.

### 8.5.8 2º BACHARELATO TECNOLOXÍA INDUSTRIAL (3 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SESIÓNS
UD 1. Estrutura interna dos materiais. Propiedades e ensaios dos materiais.	TI2B1.1.1.	15
UD 2. Aleacións. Diagramas de equilibrios.	TI2B1.1.2.	12
UD 3. Máquinas térmicas e circuitos frigoríficos.	TI2B2.1.1. TI2B2.1.2. TI2B2.2.1.	10
UD 4. Motores térmicos.	TI2B2.1.1. TI2B2.1.2. TI2B2.2.1. TI2B2.2.2.	10
UD 5. Motores eléctricos.	TI2B2.1.1. TI2B2.1.2. TI2B2.2.1. TI2B2.2.2.	12
UD 6. Circuitos pneumáticos e oleohidráulicos.	TI2B2.1.1. TI2B2.1.2. TI2B2.2.1.	12
UD 7: Sistemas de control.	TI2B2.1.1. TI2B3.1.1. TI2B3.1.2. TI2B3.2.1 TI2B3.3.1.	12
UD 8: Circuitos lóxicos combinacionais.	TI2B3.3.1. TI2B3.4.1. TI2B4.1.1. TI2B4.1.2. TI2B4.1.3. TI2B4.1.4.	15
UD 9: Circuitos lóxicos secuenciais.	TI2B5.1.1. TI2B5.1.2. TI2B5.2.1. TI2B5.2.2. TI2B5.3.1 TI2B5.4.1.	12

**Táboa 20. Temporalización dos estándares na materia de Tecnoloxía Industrial de 2º Bacharelato**

### 8.5.9 2º BACHARELATO TIC (3 horas semanais)

UNIDADES DIDÁCTICAS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SESIÓNS
UD 1. Seguridade informática	TIC2B3.1.1. TIC2B1.5.1. TIC2B1.5.2. TIC2B1.5.3.	25
UD 2. Ferramentas da Web 2.0	TIC2B2.2.1. TIC2B2.3.1.	18
UD 3. Deseño e edición da páxinas Web	TIC2B2.1.1.	35
UD 4. Programación	TIC2B1.1.1. TIC2B1.2.1. TIC2B1.3.1. TIC2B1.3.2. TIC2B1.4.1. TIC2B1.4.2 TIC2B3.2.1.	30

Táboa 21. Temporalización dos estándares na materia de TIC de 2º Bacharelato.

## 9 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

---

Segundo o punto 2 do Artigo 111 bis da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa:

*“Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por isto deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, aos contornos de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes en que estuden, tendo en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas e con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual.”*

Polo que queda completamente xustificado o emprego non só como fonte de recursos da plataforma Moodle senón como contido e medio de aprendizaxe pensando no futuro do e-learning e na formación ao longo da vida do noso alumnado.

Os materias a empregar no desenvolvemento desta programación están dispoñibles nas aulas de 2º e 3º de ESO, nas Aulas-Taller de Tecnoloxía 1 e 2 e nas aulas de informática 1 e 2.

### 9.1 AULAS DE 2º 3º DE ESO

---

- Ordenador con acceso a internet e PDI para as exposicións ó grupo.
- Equipos informáticos Abalar para cada alumno co software instalado en 2º de ESO.

### 9.2 AULA-TALLER 1

---

- Ordenador con acceso a internet e PDI para as exposicións ó grupo.
- Ferramentas e material funxible.
- Material eléctrico e electrónico para a realización das prácticas de electricidade.
- Hardware de control electrónico Arduino, e compoñentes eléctrico-electrónicos para as simulacións e montaxes por equipo.
- Material para as prácticas de pneumática e compresor.
- Dúas impresoras 3D, e material plástico para o seu uso.
- Libros de consulta, xornais e revistas de divulgación científica-tecnolóxica e toda a bibliografía de interese que podemos atopar na biblioteca do centro.

### 9.3 AULA-TALLER 2

---

- Ordenador con acceso a internet e PDI para as exposicións ó grupo.
- 6 ordenadores con acceso a internet e o software necesario para a realización de prácticas de programación e robótica.

- 6 robots Mblock Ranger, dúas impresoras 3D, material plástico para o seu uso e dúas placas raspberry pi.
- Ferramentas e material funxible.
- Libros de consulta, xornais e revistas de divulgación científica-tecnolóxica e toda a bibliografía de interese que podemos atopar na biblioteca do centro.

## 9.4 AULA DE INFORMÁTICA 1

---

- Ordenador con acceso a internet e PDI para as exposicións ó grupo.
- 24 ordenadores separados por mamparas para os alumnos con acceso a internet co software libre a empregar instalado e/ou accesible para o traballo online.

## 9.5 AULA DE INFORMÁTICA 2

---

- Ordenador con acceso a internet e PDI para as exposicións ó grupo.
- 16 ordenadores separados pos mamparas para os alumnos con acceso a internet co software libre a empregar instalado e/ou accesible para o traballo online.

Non se emprega libro de texto en ningún curso. O material necesario para os alumnos facilítaselle por medio da aula virtual, correo electrónico co dominio @iespobra.com, co que contan todos os membros do instituto.

## 10 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

---

O proceso avaliador pretende axustar a axuda pedagóxica do profesor ás necesidades dos alumnos e para iso utilizaranse distintos tipos de avaliación. Realizarase en todo momento unha avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe. Levándose a cabo unha avaliación interna do departamento onde se recollerá información sobre o proceso de ensino aprendizaxe por parte de todos os membros do departamento. En canto aos tipos de avaliación do alumnado: En primeiro lugar, para coñecer os coñecementos de partida dos alumnos farase unha avaliación inicial, que servirá para coñecer previamente ao alumno. Utilizarase a avaliación continua/formativa no sentido de que se observará sistematicamente a aprendizaxe dos alumnos, o seu traballo diario e a súa motivación, tratando de corrixir os posibles erros e reforzando os acertos no proceso. Tamén levará a cabo unha avaliación final ou sumativa, mediante probas escritas ou traballos de investigación, medindo os resultados do proceso e o grao de éxito da fase desenvolta, pretendendo en todo momento que dita avaliación sexa á vez formativa, é dicir, que será unha ferramenta máis do proceso ensino-aprendizaxe. Tamén se considerará outros tipos de avaliación igualmente importantes:

Autoavaliación, na que os alumnos autoevaluarán o seu traballo desenvolto tanto en clase como na casa, isto supón unha importante recollida de datos respecto a valoración que é capaz de facer o alumno/a de si mesmo e das tarefas que realiza.

Coavaliación, na que se pretenderá que os alumnos avalíen o traballo dos seus compañeiros dunha forma obxectiva, con iso tamén se pretende facer unha avaliación final



## 10.1 A PROBIDADE ACADÉMICA

---

A **probidade académica** debe entenderse como un conxunto de valores e habilidades que promoven a integridade persoal e as boas prácticas no ensino, a aprendizaxe e a avaliación. A falta de probidade académica refírese ao plaxio, a colusión e ás trampas nos exames. Debe levarse a cabo dun xeito positivo dando a entender a importancia dos dereitos de autor e o respecto da propiedade intelectual. A implementación de medidas para evitar o plaxio axuda a combater actividades ilegais fora do ámbito escolar.

Nunha metodoloxía cooperativa o alumnado debe comprender que traballar xuntos cun obxectivo común supón compartir información e coñecementos pero non debe implicar permitirlle a outro compañeiro que copie o seu traballo ou o presente como propio.

Un traballo orixinal é aquel que está baseado nas ideas propias do alumno e no que se menciona debidamente a autoría das ideas e traballos doutras persoas. Polo tanto, en todos os traballos que se presenten para avaliar, independentemente do seu formato, deben empregarse unicamente as palabras, expresións e ideas propias do alumno. Cando utilice ideas ou traballos alleos, ben mediante unha cita directa ou unha paráfrase, deberá citar completa e correctamente a fonte ou fontes de tales ideas ou obras.

O anteriormente dito non debe limitar a inspiración, reinvencción ou modificación de creacións xa existentes senón que é aceptable imitar a obra de outro artista en certos contextos citando sempre a obra orixinal e comprendendo que presentar como propio o traballo de outra persoa non é aceptable e constitúe unha conduta improcedente.

Esta actitude ten que ir acompañada da necesaria orientación sobre cando e como citar as fontes, e como parafrasear. Cando se utilicen palabras de outras persoas empregaranse comiñas, sangrado ou outro formato que diferencia as autorías e, ademais, referenciarase a fonte ao seu carón e non só na bibliografía. Utilizar as palabras e as ideas de outra persoa para fundamentar os argumentos propios é unha práctica esencial en todo traballo intelectual, e como integralas nas palabras e ideas propias é unha habilidade importante que debe ensinarse.

Polo tanto considéranse condutas improcedentes o plaxio, presentación como propio de ideas ou traballos alleos sen o oportuno recoñecemento da autoría, a colusión, cando un alumno permite a outro a copia do seu traballo ou o presente como propio e o emprego de materias non autorizados nos exames así como comportarse indebidamente durante a realización dos mesmos (molestar aos compañeiros, non seguir as instrucións do profesor, intercambiar información relativa ao contido da proba, etc.).

### **10.1.1 PAUTAS DE ACTUACIÓN NOS SUPOSTOS DE PLAXIO, COPIA OU FRAUDE**

#### **10.1.1.1 Probas presenciais individuais sen apoio**

Durante as probas de avaliación individuais sen apoio non se permitirá a tenencia, manexo ou emprego de calquera tipo de material, medio ou recurso, sexa o non electrónico (chuletas, teléfonos, ordenadores, etc.), que fagan posible a copia, plaxio ou fraude, excepto para aquelas

probas que, baixo indicación expresa do profesor, requiran o seu uso. Si se producira algunha irregularidade durante a celebración da proba de avaliación correspondente procederase á retirada inmediata do exercicio e a expulsión do alumno á aula de convivencia co parte oportuno, e a súa cualificación será 0,0.

Actuarase do mesmo xeito e coas mesmas consecuencias no caso de copia directa (total ou parcial) da proba dun compañeiro ou de axuda oral, escrita ou de amosado da proba propia a outro compañeiro (colusión).

### **10.1.1.2 Traballos non presenciais individuais ou en grupo**

Estes traballos, como en toda a produción do alumnado e independentemente do seu formato, respectarán a “Política de Probidade Académica” do Departamento de Tecnoloxía de xeito que empreguen unicamente as palabras, expresións e ideas propias. Cando un alumno utilice no seu traballo ideas ou obras doutras persoas, xa sexa cunha cita directa ou empregando unha paráfrase, deberá citar completa e correctamente a fonte ou fontes de tales ideas ou obras. Neste punto convén insistir que o plaxio é facer pasar por propio algo realizado por outra persoa e que o improcedente non é o uso de obras ou ideas alleas senón a ausencia da súa referencia ou recoñecemento da autoría.

Do anterior conclúese que un traballo total ou parcialmente plaxiado será cualificado con 0 puntos. Sen embargo, como todo proceso, a aplicación desta norma será progresiva nos distintos cursos do ensino secundario. A posibilidade de corrección con penalización deberá observarse na ESO e no primeiro curso do Bacharelato.

## **10.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **10.2.1 OBSERVACIÓN DIRECTA:**

- Caderno do profesor.
- Caderno de clase do alumno, físico ou virtual coa información, anotacións e apuntamentos sobre a realización do traballo cada día, onde explicarán todas as incidencias, problemas, dúbidas, suxestións, investigacións, ideas, propostas, etc. que xurdan ao longo da sesión.
- Actividades de iniciativa e interese.
- Participación no traballo dentro e fora da aula.
- Hábitos de traballo continuado.
- Habilidades e destrezas no traballo experimental.
